XUNTA DE GALICIA
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
**CRA DE OROSO Tel. 981694607 - 628071438**
Enderezo de correo electrónico
**cra.oroso@edu.xunta.gal**

# AULA VIRTUAL CRA OROSO

## (alumnado de Educación Infantil)

- Pode accederse dende un ordenador, tablet ou teléfono. Aconséllase acceder dende un ordenador, para facilitar a visualización de contidos e a navegación.
- Enviarase a cada familia o seu usuario e contrasinal mediante unha mensaxe individual da aplicación abalarMóbil.
- Ao ser unha aplicación da Consellería de Educación, os datos están especialmente protexidos.
- Hai que prestar especial atención ao uso de maiúsculas e minúsculas no usuario e contrasinal.
- Por seguridade, no primeiro acceso cada familia debe de cambiar o contrasinal de acceso. A aplicación xa pide que se realice este cambio a primeira vez que se accede.
- Nos nomes do alumnado e profesorado non se incluíron signos de acentuación nin abreviaturas para evitar erros informáticos.
- Elaboramos unha guía para facilitar o seu uso. A continuación detállanse os pasos a seguir:

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
**CRA DE OROSO Tel. 981694607 - 628071438**
Enderezo de correo electrónico
**cra.oroso@edu.xunta.gal**

1º paso: O acceso faise a través da páxina web do CRA de Oroso, na dirección:

https://www.edu.xunta.gal/centros/craoroso/

2º paso: Na parte superior da pantalla atópase o enlace de entrada, hai que clicar na pestana "aula virtual".



XUNTA DE GALICIA
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
**CRA DE OROSO Tel. 981694607 - 628071438**
Enderezo de correo electrónico
**cra.oroso@edu.xunta.gal**

3º paso: De principio aparecen todos os cursos que hai organizados no noso CRA, por idades e escolas. Xa que cada alumno/a está asignado a un curso e escola é preciso identificarse, para iso hai que clicar na pestana "acceso".




4º paso: Hai que introducir o usuario e contrasinal que se lle facilitou a cada alumno/a mediante unha mensaxe de abalarMóbil.



5º paso: Ao acceder, o alumno/a xa aparece asignado ao seu curso e escola, para facilitar o uso.

Os cursos aparecen organizados por semanas.

En cada unha das semanas o profesorado irá propoñendo diversos recursos como enlaces a páxinas web, tarefas para desenvolver, etc...




6º paso: Pódese clicar nas diferentes opcións que permite a aula virtual, para ir familiarizándose co seu uso. Pódese personalizar o perfil, cargar arquivos persoais...